

25 de xullo 2023

DÍA DA PATRIA GALEGA

MANIFESTACIÓN NACIONAL

12.00H | ALAMEDA DE COMPOSTELA

# imos a máis

para unha nova **GALIZA**



[www.bng.gal](http://www.bng.gal)





## **GALIZA, CON MÁIS FORZA!**

Vivimos un contexto político incerto, cunha cada vez máis acusada involución social e democrática no conxunto do Estado español e na UE. Fronte a isto, o nacionalismo galego demostrou sempre ser garante da defensa dos dereitos e liberdades, da autoestima e dignidade colectivas, coa firme crenza na potencialidade da nación galega.

Galiza precisa un novo marco político, que supere os estreitos límites constitucionais e estatutarios impostos. Un novo marco político que permita ao pobo galego ter poder de decisión sobre os seus recursos enerxéticos, económicos e produtivos para pólos ao servizo das galegas e galegos. Un novo marco político que rache co modelo colonial que hoxe ten unha das súas expresións no “boom” eólico depredador con que pretenden seguir esquilmando os nosos montes e o noso mar. Un novo marco político que deteña a sangría migratoria que cada ano expulsa centos de mozas e mozos do noso País. En definitiva, un novo marco político para conquistarmos a República galega, libre, xusta e próspera que anhelamos.

## **IMOS A MÁIS! PARA UNHA NOVA GALIZA!**

Apostamos por unha Galiza para vivir e traballar, con servizos públicos fortes, a comezar pola saúde e o ensino. Unha Galiza en que os coidados non sexan un negocio e en que a vivenda e a protección social estean garantidas. Unha Galiza en que a nosa lingua propia, o galego, estea viva e plenamente normalizada, e na cal a defensa da igualdade desde o feminismo e o respecto á diversidade sexan a norma e non a excepción.

# UNHA GALIZA LIBRE, XUSTA E PRÓSPERA

Galiza é unha nación, e ten dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro. Exercendo a nosa dignidade colectiva, tendo autoestima como pobo diferenciado, defendendo o propio, e desenvolvendo a nosa economía e creatividade, contribuímos cada día á construción desa Galiza da cal nos sentimos orgullosas e orgullosos.

Velaí o que sempre moveu historicamente ao nacionalismo galego e que nos segue a mover hoxe. Un BNG claramente á alza que volve amosar que é o soberanismo o movemento máis transformador e emancipador para lle facer fronte á involución antisocial, antidemocrática e militarista (baixo tutela OTAN/USA) do Estado español e da UE e o medre dos fascismos.

Demostremos que somos un pobo que sabe defender o seu e loita, desde valores democráticos e republicanos, por un futuro de liberdade e soberanía.

## SÚMATE AO BNG!

Un proxecto político alternativo como o do BNG precisa de organización. Somos xa milleiros os que conformamos o BNG, en todas as comarcas da nación e na emigración, mais temos que ser máis. Porque non somos nin temos vocación de ser un produto televisivo. O que conseguimos até o momento fixémoslo nós, coas nosas mans, sen axuda de ninguén de fóra. Ese é o noso valor, e nese camiño seguimos.

E para logralo precisamos sermos máis, moitas e moitos máis, para seguir facendo avanzar o nacionalismo galego. É o momento! Se aínda non te afiliaches ao BNG queremos que saibas que tes a porta aberta, queremos contar contigo. Anímate e fai medrar a rebeldía, a esperanza e a ilusión para a Galiza que vén!



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

[facebook.com/obloque](https://facebook.com/obloque) 

[twitter.com/obloque](https://twitter.com/obloque) 

[instagram.com/o\\_bloque](https://instagram.com/o_bloque) 

[t.me/bloquenacionalistagalego](https://t.me/bloquenacionalistagalego) 

teléfono: +34 981 555 850 

[sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal) | [www.bng.gal](http://www.bng.gal) 